✓ O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado preferentemente a través da aula virtual de cada grupo. O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles ben achegados polo profesorado ou ben os que poña a disposición a Consellería. Igualmente o/a profesor/a poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen co contido da materia ou a avaliación continua da mesma.

✓ As aulas virtuais utilizaranse, de ser o caso e nos supostos de educación a distancia, cando menos, co alumnado de terceiro de Educación Primaria en adiante e para o alumnado que parcialmente estea en situación de corentena cando non exista suspensión da actividade presencial no conxunto da aula, sen prexuízo doutras opcións de formación a distancia que poida por en funcionamento a consellería.

✓ Para o alumnado de Infantil, 1º e 2º tamén se traballará a través das aulas virtuais, procurando que o acceso ás tarefas sexa o máis sinxelo posible.

✓ Ademais das aulas virtuais, habilitaranse fórmulas de comunicación como foros ou vídeo chamadas para manter contacto coas familias e fornecer contidos educativos para infantil, 1º e 2º de primaria.

✓ No caso do alumnado no que non sexa posible o uso da aula virtual, arbitrarase un modo alternativo para a comunicación coas familias e o mantemento da actividade lectiva nos supostos nos que se teña que pasar á educación a distancia. Dito modo alternativo quedará recollido na programación didáctica e procurarase realizar unha proba do seu correcto funcionamento durante o tempo que asiste o seu alumnado ao centro.

Para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión.

En todo caso, durante o período de suspensión da actividade lectiva presencial, o profesorado procurará cumprir sempre coas seguintes premisas:

✓ Manter o contacto permanente co alumnado e as súas familias, tanto para coñecer a evolución do estado de saúde como para continuar co ensino a distancia. CEIP Feliciano Barrera Plan de Continxencia Curso 2020-2021

✓ Actualizar diariamente as aulas virtuais dos niveis afectados para garantir a continuidade no proceso de ensino-aprendizaxe.

✓ Programar tarefas que non supoñan unha carga de traballo excesiva para o alumnado e para as súas familias.

✓ Programar tarefas das distintas materias atendendo á carga horaria de cada unha delas e procurando que os tempos de traballo do alumnado non se excedan das horas establecidas.

✓ Programar distintos tipos de tarefas e en distintos soportes (cadernos, libros, ordenador, vídeo, vídeo chamadas ...).

✓ Revisar o protocolo para buscar posibles erros e facer as modificacións que se estimen oportunas.

PROGRAMACIÓN ANUAL ÁREA EDUCACIÓN FÍSICA
QUINTO CURSO EDUCACIÓN PRIMARIA

CURSO 2020 - 2021

ÁREA	EDUCACIÓN FÍSICA		CURSO	QUINTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
BLOQUE 1. CONTIDOS COMÚNS EN EDUCACIÓN FÍSICA				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ k ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Valoración e aceptación da propia realidade corporal e a dos e das demais. ▪ B1.2. Adopción de actitudes de colaboración, tolerancia, respecto e resolución pacífica dos conflitos na práctica de xogos e outras actividades físicas. ▪ B1.3. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes apropiadas e afrontar as dificultades propias da práctica da actividade física. ▪ B1.4. Actitudes de aceptación, respecto e valoración cara a un mesmo, aos compañeiros e compañeiras e ao medio. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Opinar coherentemente con actitude crítica, tanto desde a perspectiva de participante como de espectador ou espectadora, ante as posibles situacións conflitivas xurdidas, participando en debates, e aceptando as opinións dos e das demais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.1.1. Adopta unha actitude crítica ante as modas e a imaxe corporal dos modelos publicitarios. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA ▪ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.1.2. Explica aos seus compañeiros e compañeiras as características dun xogo practicado na clase e o seu desenvolvemento. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.1.3. Mostra boa disposición para solucionar os conflitos de xeito razoable. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA ▪ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.1.4. Recoñece e cualifica negativamente as condutas inapropiadas que se producen na práctica ou nos espectáculos deportivos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA ▪ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.1.5. Demostra un nivel de autoconfianza axeitada ás súas capacidades. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CSIEE ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para obter información, relacionada coa área. ▪ B1.6. Integración nas tecnoloxías da información e a comunicación no proceso de aprendizaxe. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Extraer e elaborar información relacionada con temas de interese na etapa, e compartila, utilizando fontes de información determinadas e facendo uso das tecnoloxías da información e a comunicación como recurso de apoio á área. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.2.1. Utiliza as novas tecnoloxías para localizar e extraer a información que se lle solicita. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.2.2. Presenta os seus traballos atendendo ás pautas proporcionadas, con orde, estrutura e limpeza e utilizando programas de presentación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.2.3. Expón as súas ideas de forma coherente e exprésase de forma correcta en diferentes situacións e respecta as opinións dos e das 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC

ÁREA	EDUCACIÓN FÍSICA		CURSO	QUINTO
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			demais.	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ k ▪ l ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.7. Implicación activa en actividades motrices diversas, recoñecendo e aceptando as diferenzas individuais no nivel de habilidade. ▪ B1.8. Uso correcto de materiais e espazos na práctica da Educación física. ▪ B1.9. O coidado do corpo e a consolidación de hábitos de hixiene corporal. ▪ B1.10. Coñecemento da normativa básica de circulación en rúas e estradas. ▪ B1.11. Identificación e respecto, ao realizar saídas fóra do colexio, dos sinais básicos de tráfico que afectan aos peóns e peoas e ás persoas ciclistas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a un mesmo e as demais persoas nas actividades físicas e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas e actuando con interese e iniciativa individual e traballo en equipo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.3.1. Ten interese por mellorar a competencia motriz. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.3.2. Demostra autonomía e confianza en diferentes situacións, resolvendo problemas motores con espontaneidade e creatividade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CAA ▪ CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.3.3. Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CSIEE ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.3.4. Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.3.5. Acepta formar parte do grupo que lle corresponda e o resultado das competicións con deportividade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.3.6. Recoñece e respecta as normas de educación viaria en contornos habituais e non habituais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA
BLOQUE 2. O CORPO: IMAXE E PERCEPCIÓN				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ k ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Valoración e aceptación da propia realidade corporal e a das demais persoas mostrando unha actitude crítica cara ao modelo estético-corporal socialmente vixente. ▪ B2.2. Seguridade, confianza nun mesmo e nas demais persoas. ▪ B2.3. Autonomía persoal: autoestima, expectativas 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Valorar, aceptar e respectar a propia realidade corporal e a dos e das demais, mostrando unha actitude reflexiva e crítica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB2.1.1. Respecta a diversidade de realidades corporais e de niveis de competencia motriz entre os nenos e nenas da clase. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB2.1.2. Toma de conciencia das esixencias e valoración do esforzo que comportan as aprendizaxes de novas habilidades. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA ▪ CSIEE

ÁREA	EDUCACIÓN FÍSICA		CURSO	QUINTO
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	realistas de éxito.			
BLOQUE 3. HABILIDADES MOTRICES				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ j ▪ k 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Adaptación da execución das habilidades motrices a situacións de práctica de complexidade crecente, con eficiencia, seguridade e creatividade. ▪ B3.2. Realización combinada de desprazamentos, saltos, xiros, lanzamentos e recepcións. ▪ B3.3. Adaptación das habilidades motrices a contornos de práctica non habituais que favorezan toma de decisións, con seguridade e autonomía: o medio natural. ▪ B3.4. Control e dominio motor e corporal desde unha formulación previa á acción. ▪ B3.5. Mellora das capacidades físicas básicas de forma xenérica e orientada á execución das habilidades motrices, recoñecendo a influencia da condición física na mellora destas. ▪ B3.6. Autonomía e confianza nas propias habilidades motrices en situacións e contornos non habituais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB3.1.1. Realiza desprazamentos adaptándose a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas axustándose a parámetros espazo-temporais e intentando manter o equilibrio postural. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CAA ▪ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB3.1.2. Realiza a habilidade motriz básica de salto adaptándose a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e intentando manter o equilibrio postural. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCEE ▪ CAA ▪ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB3.1.3. Adapta as habilidades motrices básicas de manipulación de obxectos (lanzamento, recepción, golpeo etc.) a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas interiorizando e aplicando os xestos cos segmentos dominantes e iniciando a práctica cos non dominantes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCEE ▪ CAA ▪ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB3.1.4. Aplica as habilidades motrices de xiro a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas tendo en conta os dous eixes corporais e os dous sentidos, e axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e intentando manter o equilibrio 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCEE ▪ CAA ▪ CSIEE

ÁREA	EDUCACIÓN FÍSICA		CURSO	QUINTO
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.7. Valoración do esforzo e o traballo ben executado desde o punto de vista motor como base para a propia superación. ▪ B3.8. Disposición favorable a participar en actividades físicas diversas aceptando as propias posibilidades e limitacións, así como a existencia de diferenzas no nivel de habilidade. 		<p>postural.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB3.1.5. Mantén o equilibrio en diferentes posicións e superficies. ▪ EFB3.1.6. Realiza actividades físicas e xogos no medio natural ou en contornos non habituais, adaptando as habilidades motrices á diversidade e incerteza procedente da contorno e ás súas posibilidades. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA ▪ CSIEE
BLOQUE 4. ACTIVIDADES FÍSICAS ARTÍSTICO EXPRESIVAS				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ d ▪ j ▪ k ▪ m ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. O corpo e o movemento. Exploración, conciencia e gozo das posibilidades e recursos da linguaxe corporal. ▪ B4.2. Recoñecemento e utilización creativa das zonas corporais e compoñentes do movemento expresivo: espazo, tempo e a intensidade. Zonas corporais: de equilibrio (pernas e pés), de forza (centro de gravidade corporal), de autoridade (peito, ombreiros, brazos) e expresiva (rostro, mirada e pescozo). ▪ B4.3. Expresión e comunicación de sentimentos e emocións individuais e compartidas a través do corpo, o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento, de forma estética e creativa, comunicando sensacións, emocións e ideas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB4.1.1. Representa personaxes, situacións, ideas, sentimentos utilizando os recursos expresivos do corpo individualmente, en parellas ou en grupos. ▪ EFB4.1.2. Representa ou expresa movementos a partir de estímulos rítmicos ou musicais, individualmente, en parellas ou grupos. ▪ EFB4.1.3. Coñece e leva a cabo bailes e danzas representativas da cultura galega e doutras culturas, seguindo unha coreografía básica. ▪ EFB4.1.4. Constrúe e leva a cabo composicións grupais en interacción cos compañeiros e compañeiras utilizando os recursos expresivos do corpo e partindo de estímulos musicais ou plásticos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CSC ▪ CAA

ÁREA	EDUCACIÓN FÍSICA		CURSO	QUINTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>xesto e o movemento.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.4. Execución de bailes ou danzas do folclore popular galego valorando a importancia da súa conservación e difusión. Execución de danzas do mundo valorando a diversidade como factor de enriquecemento individual e colectivo. ▪ B4.5. Participación na composición e execución de producións grupais a partir de estímulos rítmicos, musicais, poéticos... Elaboración de bailes, coreografías simples ou montaxes expresivas. 			
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ d ▪ j ▪ k 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.6. Desenvolvemento das habilidades motrices básicas, xenéricas e específicas e da condición física, participando en actividades artístico-expresivas. Recoñecer e valorar a posibilidade de cambiar as montaxes ou coreografías de actividades artístico-expresivas (espazos, materiais, tempos...) para adaptalas ás necesidades do grupo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.2. Relacionar os conceptos específicos de Educación física e os introducidos noutras áreas coa práctica de actividades artístico-expresivas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB4.2.1. Identifica a capacidade física básica implicada de forma máis significativa nas actividades expresivas. ▪ EFB4.2.2. Recoñece a importancia do desenvolvemento das capacidades físicas para a mellora das habilidades motrices implicadas nas actividades artístico-expresivas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSC ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CSC

ÁREA	EDUCACIÓN FÍSICA		CURSO	QUINTO
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
BLOQUE 5. ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ k 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Autonomía na hixiene corporal (vestimenta e aseo tras o exercicio) e adquisición de hábitos posturais e alimentarios saudables (incluída a correcta hidratación durante e despois do exercicio). ▪ B5.2. Recoñecemento dos beneficios da actividade física na saúde integral da persoa e identificación crítica das prácticas pouco saudables (sedentarismo, abuso do lecer audiovisual, adicción ás novas tecnoloxías, consumo de tabaco ou alcohol...). Valoración do xogo e o deporte como alternativas aos hábitos nocivos para a saúde. ▪ B5.3. Adquisición de hábitos de quecemento (global e específico), de dosificación do esforzo e recuperación, necesarios para previr lesións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Recoñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar, manifestando unha actitude responsable cara a un mesmo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB5.1.1. Ten interese por mellorar as capacidades físicas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB5.1.2. Relaciona os principais hábitos de alimentación coa actividade física (horarios de comidas, calidade/cantidade dos alimentos inxeridos etc.). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA ▪ CMCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB5.1.3. Recoñece os efectos beneficiosos do exercicio físico para a saúde e os prexudiciais do sedentarismo, dunha dieta desequilibrada e do consumo de alcohol, tabaco e outras substancias.. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA ▪ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB5.1.4. Adopta hábitos posturais axeitados na súa vida cotiá e na práctica da actividade física, recoñecendo a súa importancia para saúde. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA ▪ CCL ▪ CSIEE ▪ CMCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB5.1.5. Realiza os quecementos de forma autónoma e sistemática. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ k 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.4. Mellora da condición física orientada á saúde en función do desenvolvemento psicobiolóxico. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.2. Mellorar o nivel das súas capacidades físicas, regulando e dosificando a intensidade e duración do esforzo, tendo en conta as súas posibilidades e a súa relación coa 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB5.2.1. Mostra unha mellora global con respecto ao seu nivel de partida das capacidades físicas orientadas á saúde. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSIEE ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB5.2.2. Relaciona a frecuencia cardíaca e respiratoria, con distintas 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT

ÁREA	EDUCACIÓN FÍSICA		CURSO	QUINTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
		saúde.	intensidades de esforzo.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB5.2.3. Comeza a adaptar a intensidade do seu esforzo ao tempo de duración da actividade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSIEE ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ k 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.5. Recoñecemento e aplicación das medidas básicas de prevención e seguridade na práctica de actividade física en relación coa execución motriz e co uso de materiais e espazos. ▪ B5.6 Valoración da actividade física como factor esencial no mantemento e mellora da saúde. Aprecio, gusto e interese polo coidado do corpo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.3. Identificar e interiorizar a importancia da prevención, a recuperación e as medidas de seguridade na realización da práctica da actividade física. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB5.3.1. Explica as lesións e enfermidades deportivas máis comúns, así como as accións preventivas e os primeiros auxilios básicos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CMCCT
BLOQUE 6. OS XOGOS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ k ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.1.1 Uso adecuado das estratexias básicas dos xogos relacionadas coa cooperación, a oposición e a cooperación-oposición. ▪ B6.2. Aceptación e respecto cara ás normas, regras e persoas que participan no xogo. Elaboración e cumprimento dun código de xogo limpo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.1. Resolver retos tácticos elementais propios do xogo e de actividades físicas, con ou sen oposición, aplicando principios e regras para resolver as situacións motrices, actuando de forma individual, coordinada e cooperativa e desempeñando as diferentes funcións implícitas en xogos e actividades 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB6.1.1. Utiliza os recursos adecuados para resolver situacións básicas de táctica individual e colectiva en diferentes situacións motrices. ▪ EFB6.1.2. Realiza combinacións de habilidades motrices básicas axustándose a un obxectivo e a uns parámetros espazo-temporais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CSIEE ▪ CAA ▪ CAA ▪ CSIEE ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ k ▪ m ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.3. O xogo e o deporte como fenómenos sociais e culturais. Práctica de xogos e actividades deportivas de 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.2. Coñecer e poñer en práctica a diversidade de actividades físicas, lúdicas, deportivas, en especial as de Galicia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB6.2.1. Recoñece as diferenzas, características entre xogos populares, deportes colectivos, deportes individuais e actividades na natureza. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCEE ▪ CAA ▪ CSC

ÁREA	EDUCACIÓN FÍSICA		CURSO	QUINTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	diferentes modalidades con dificultade crecente. <ul style="list-style-type: none"> B6.4. Coñecemento, práctica e valoración dos xogos e deportes tradicionais de Galicia. Coñecemento e práctica de xogos doutras culturas. 		<ul style="list-style-type: none"> EFB6.2.2. Recoñece a riqueza cultural, a historia e a orixe dos xogos e os deportes tradicionais de Galicia. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CAA CSC
			<ul style="list-style-type: none"> EFB6.2.3. Realiza distintos xogos e deportes tradicionais de Galicia respectando principios e regras destes. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CAA CSC
<ul style="list-style-type: none"> a b k 	<ul style="list-style-type: none"> B6.5. Desenvolvemento das habilidades motrices básicas, xenéricas e específicas e da condición física, participando en xogos predeportivos e en predeportes. Recoñecer e valorar a posibilidade de cambiar as regras de xogo (espazos, materiais, tempos...) para adaptalas ás necesidades do grupo. B6.6. Uso adecuado das estratexias básicas dos xogos relacionadas coa cooperación, a oposición e a cooperación-oposición. 	<ul style="list-style-type: none"> B6.3. Relacionar os conceptos específicos de Educación física e os introducidos noutras áreas coa práctica de actividades físico-deportivas. 	<ul style="list-style-type: none"> EFB6.3.1. Identifica a capacidade física básica implicada de forma máis significativa nos exercicios. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CSC CAA
			<ul style="list-style-type: none"> EFB6.3.2. Recoñece a importancia do desenvolvemento das capacidades físicas para a mellora das habilidades motrices. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CAA CSC
			<ul style="list-style-type: none"> EFB6.3.3. Distingue en xogos e deportes individuais e colectivos estratexias de cooperación e de oposición. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CAA CSC
			<ul style="list-style-type: none"> EFB6.3.4. Describe os exercicios realizados, usando os termos e coñecementos que sobre o aparello locomotor se desenvolven na área de Ciencias da natureza. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CCL CSC CAA
<ul style="list-style-type: none"> k m o 	<ul style="list-style-type: none"> B6.7. Iniciación ao deporte de orientación (colexio, parque, medio natural). Toma de contacto co compás. Participación na organización e desenvolvemento de xogos de orientación. B6.8. Práctica 	<ul style="list-style-type: none"> B6.4. Manifestar respecto cara ao contorno e o medio natural nos xogos e actividades ao aire libre, identificando e realizando accións concretas dirixidas á súa preservación. 	<ul style="list-style-type: none"> EFB6.4.1. Faise responsable da eliminación dos residuos que se xeran as actividades no medio natural. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CAA
			<ul style="list-style-type: none"> EFB6.4.2. Utiliza os espazos naturais respectando a flora e a fauna do lugar. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CAA

ÁREA	EDUCACIÓN FÍSICA		CURSO	QUINTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	responsable de actividades físicas lúdicas e deportivas nas saídas á contorno natural de Galicia. ▪ B6.9. Coñecemento, goce, coidado e valoración da natureza.			

Obxectivos da educación primaria

A educación primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades

que lles permitan:

a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, preparárense para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.

c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais con que se relacionan.

d) Coñecer, comprender e respectar as culturas e as

diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres, e a non-discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.

e) Coñecer e utilizar de forma apropiada a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ámbalas dúas linguas.

f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.

g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.

h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.

i) Iniciarse no uso das tecnoloxías da información e da comunicación, para a aprendizaxe, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciban e elaboren.

j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.

k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación

física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.

m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestión de diversidade afectivo-sexual.

n) Fomentar a educación viaria e as actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, salientando as mulleres e os homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

Concreccións metodolóxicas

Empregarase una metodoloxía activa, buscando formas xogadas, resolución de problemas, descubrimento guiado, asignación de tarefas, ensino recíproco (aproveitando sobre todo aqueles rapaces/as que podenlle aprender os seus compañeiros/as o deporte ou actividade deportiva que practican fora do centro), o mando directo (para puntuales aprendizaxes da técnica e táctica concreta de algún deporte ou predeporte) e sempre adaptando as actividades ou predeportes as capacidades dos nenos e nenas. Será unha metodoloxía individualizada e que preste mais atención ó proceso que o resultado.

Espazos de traballo:

Afortunadamente este curso xa contamos cun espazo pechado para a práctica da educación física por primeira vez. Todavía temos pendente illarlo acusticamente e en cuestión de humidade, así como térmicamente (non hai calefacción). Ademais, o pavimento non é adecuado para a práctica deportiva. As sesións de educación física impartiranse principalmente neste espazo e mais no patio descuberto de primaria. Tamén aproveitarase na medida do posible as posibilidades do entorno próximo o colexio e saídas a xornadas de convivencia deportiva con alumnos/as doutros centros a través dos programa Xogade, previa autorización dos pais / titores legais dos alumnos. Puntualmente empregarase a aula ordinaria, a biblioteca e incluso o patio de infantil.

Materiais e recursos didácticos.

Como todos os anos, seguimos a ampliar o noso inventario de material para educación física que se comparte con todos os mestres. En xeral estes anos o inventario de material de educación física estase a ampliar considerablemente grazas o esforzó dos alumnos/as en coidalo. Así temos material específico de moitos deportes (baloncesto, balonmán, xoquei, fútbol sala, bádminton, baseball,...) material xeral de educación física (cordas pelotas de psicomotricidade, ...) de xogos populares e tradicionais (trompos, canicas, bolos...) e incluso material elaborado con material de refugallo (malabares...). A nosa intención é seguir crecendo nesta liña de cara a unha educación física máis integral e diversa. Dende o curso pasado apliamos este tipo materia co orzamento do centro e incluímos material de xogos de mesa. Xogos de mesa que tras aprendelos tentamos aplicalos a situacións de movemento como a oca humana, o tres en raia ou este ano que trateremos de facer un xadrez humano.

Avaliación e criterios de cualificación do alumnado.

A avaliación será global, contínua e formativa. Tomarase como

referencia principal a consecución dos obxectivos mínimos establecidos. Tamén será fundamental o nivel inicial do alumno/a en relación co nivel acadado ó finalizar cada trimestre. farase unha avaliación de todos os elementos da programación: grado de consecución dos obxectivos, adecuación dos contidos, recursos empregados, adecuación das actividades, criterios de avaliación, metodoloxía,... A través de diferentes recursos (observación directa, escalas de observación, cuestionarios, probas obxectivas, rexistros anecdóticos, postas en comun ó rematar as sesións).

Nos cursos de 5º e 6º utilizarase ocasionalmente para avaliar os coñecementos sobre os aspectos tácticos e de reglamento dalgún deporte unha proba escrita e para avaliar a técnica unha proba física.

Deseño da avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados

Nas dúas primeiras semanas recordaráselles os alumnos as normas xerais das sesións e farase unha avaliación inicial centrada especialmente na cohesión grupal e actitudes dos alumnos. Tamén das habilidades, os coñecementos, para a partir de ahí organizar a toma de decisións.

Na avaliación inicial farase un estudo da condición física dos alumnos, medición de talla e peso, e revisión da información médica suministrada polas familias. Tamén farase unha observación do grao de cohesión grupal de cada clase e establecemento de coñecementos e habilidades previas a cada unidade didáctica.

Grao mínimo de consecución para superar a materia.

De cara a avaliación trimestral e tamén da final a nota obtida por cada alumno/a será a optida proporcionalmente nos aspectos cognitivos (coñecementos) 20%, aspectos procedimentais (habilidades e destrezas) 30% e actitudinais (actitudes, valores e normas) 50%. Dentro de este último apartado que é o que mais peso ten de cara a avaliación contemplamos aspectos como:

- traer a roupa, calzado deportivo e aseo persoal. Neste apartado, se un alumno/a amosa tres faltas de roupa, calzado ou aseo no mesmo trimestre, será razón suficientes para non acadar o 5 en dita avaliación.
- Aceptar e respetar a todos/as os compañeiros/as en situacións de gran grupo, pequenos grupos ou parellas e tanto en situación de colaboración como de oposición. Neste apartado rexistrar tres faltas de respecto no mesmo trimestre será motivo suficiente para non acadar o 5 en dita avaliación.
- Respetar e coidar o material de educación física
- Amosar unha actitude onde se valore mais o proceso das actividades que os resultados,
- Aceptación das limitacións propias e as dos demais así como amosar unha actitude de autosuperación e valorar o esforzo dos demais aceptando tamén as súas limitacións,
- Respetar e coidar os espazos do entorno natural no que se fagan actividades deportivas
- Recoñecer os xogos populares como parte da cultura propia da nosa comunidade autónoma,
- Amosar nas actividades de oposición unha actitude de xogo limpo (respeto as normas, nobleza,...)
- Ter unha actitude de humildade ante a victoria e de aceptación deportiva da derrota cando esta se produce.
- Desfrutar coas actividades de expresión corporal dramatización e baile vencendo o pudor.
- Adoptar hábitos de vida saudables.

Medidas de atención a diversidade

Entendendo que cada neno/a progresa ó seu ritmo, e mais na área de educación física, o punto de partida de cada neno e a súa mellora serán o referente principal de cara a avaliación. Adaptaranse os tempos, os materiais, as

metodoloxías e incluso as actividades según cada alumno/a. empregaremos os apoios tanto os ofrecidos polo mestres como polos alumnos. E incluso adaptaremos as regras dos xogos para cada grupo ou neno para tratar de compensar as desigualdades.

Actividades complementarias e extraescolares

En primeiro lugar, sinalar que moitas das actividades complementarias e extraescolares que temos programadas están pendentes de que se poidan levar a cabo co permiso das autoridades sanitarias, xa que nestes momentos a meirande parte delas non están permitidas por non cumprir os requisitos mínimos de seguridade para o control da pandemia producida polo COVID-19. Sin embargo, como novidade este ano, e dentro do PLAN PROXECTA, temos solicitado o programa DAFIS para avaliar a condición física d@s rapaces e rapazas. Como se trata dunha avaliación de aplicación individual, confiamos en poder aplicalo sempre que nolo aproben.

Estamos inmersos no Plan PROXECTA (programa deportivo de centro): Participando no programa XOGADE xunto con outros centros da zona Condado-Paradanta (asociación deportiva ADECONPAR) carreiras de campo a través, fútbol sala, baloncesto,...). Éstes anos vimos facendo actividades dentro deste programa co alumnado de 3º, 4º, 5º e 6º. A nosa intención (sempre en coordinación co resto de centros que forman a asociación, en incluír a 1º e 2º)

Realización de unha actuación deportiva-musical no festival de nadal ou fin de curso (aínda non está decidido grupo nin festival)

Xogos populares na festa do magosto para todo o alumnado do centro coordinadas polo Mestre de educación física.

Celebración do VIIº campionato escolar interno de xadrez Feliciano Barrera.

O marxe de estas actividades, ao longo do curso poden xurdir outras actividades en colaboración con diferentes organismo e clubs.

Na PXA está incluído o Plan proxecta (PDC: programa deportivo de

centro. Dentro do programa centros deportivos e saudables. Participamos no programa XOGADE).

Temporalización

Como xa sinalamos, por mor da pandemia xerada polo COVID-19, non podemos establecer unha temporalización real das actividades xa que dependemos da evolución desta pandemia e dos permisos que as autoridades sanitarias nos otorguen. En función diso, e sempre que sexa posible, a temporalización sería a seguinte.

- Actividades complementarias e extraescolares
 - Actividades xogade (unha actividades por trimestres como mínimo,según o programa do PROXECTA) mais unha xornada específica no CUVI con alumnos de 5º. Atletismo en pista (actividade esta última aínda sen confirmar)
 - Actuación deportivo-musical (nadal ou fin de curso)
 - Xogos populares magosto (outubro)
 - Campeonato xadrez dende xaneiro
 - Aplicación do programa DAFIS.
- Bloques de contidos: a educación física é unha área particular a hora de organizar a temporalización, mais neste centro que non temos espazo pechado para a súa práctica.
 - O bloque de contidos comúns polo súa natureza levase a cabo durante todo o curso.
 - Os demais bloques vanse traballando en función das necesidades e sobre todo do tempo atmosférico xa que de por sí non hai una prioridade dun sobre outro sinon que dependemos mais de que chova ou non de do frío e da calor. Así, en días que non Chove e tampouco vai moita calor aproveitamos para realizar unidades didacticas propias do aire libre como atletismo, orientación, xogos na natureza, rugby adaptado, balonmán adaptado, etc, En cambió cando vai mal tempo adicamos as sesións a actividades de interior como

pode ser o badminton por exemplo.

Normas xerais das sesións:

Como normas xerais a cumprir nas sesións de educación física destacamos:

- Participación activa de todo o alumnado nun clima de colaboración, respecto e valoración do propio traballo e o dos compañeiros/as
- Valoración dos procesos máis que dos resultados
- Respeto e coidado do material e implicación na colocación e recollida do mesmo.
- Aseo persoal mínimo o rematar as sesións e hábitos de vida saudables.
- Espírito deportivo: xogo limpo, espírito de superación a un mesmo, recoñecemento das propias capacidades e limitación. Actitude humilde ante a victoria e aceptación deportiva da derrota nas actividades competitivas.

Competencias clave

- CCL Competencia comunicación lingüística
- CMCCT Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía
- CD competencia dixital
- CAA competencia en aprender a aprender
- CSC Competencia social e cívica
- CSIEE Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor
- CCEC Competencia en conciencia e expresión cultural.

Obxectivos mínimos en caso de actividade lectiva non presencial.

- Participar en alomenos unha actividade proposta de cada unidade didáctica traballada.
- Ser capaz de explicar algunhas regras ou normas dalgún xogo ou deporte traballado e demostrar algún fundamento técnico do mesmo.
- Demostrar un nivel de autoconfianza axeitado ás súas capacidades
- Aceptar as limitacións propias amosando unha actitude de autosuperación.
- Coñecer hábitos de vida saudable relacionados coa educación física
- Realizar algunha actividade expresiva relacionada coa dramaticación e/ou co baile.
- Coñecer e practicar algún xogo tradicional galego.

Aprendizaxes non adquiridas no curso 2019 – 2020

Non se traballaron as unidades didácticas de actividades na natureza, orientación, malabares, acrosport e dramatización e baile.

Plan de recuperación:

No inicio do presente curso, compre facer unha avaliación inicial rigurosa, sobre todo polos seis meses sen actividade docente presencial, incluíndo unha avaliación da condición física. Tamén se terán en conta as unidades didácticas non traballadas para darlles maior protagonismo na medida do posible (hay que ter en conta que unidades didácticas como orientación ou actividades na natureza requiren de condicións meteorolóxicas apropiadas).

Medidas para a actividade lectiva non presencial

No principio do curso, e a ser posible nos primeiros días de setembro, levaranse a cabo as seguintes actuacións:

- Enquisa as familias para identificar ao alumnado que teña dificultades de conexión ou falla de equipamento. Solicitarase que a Consellería e o Concello adopten as medidas oportunas que minimicen para as familias

mais desfavorecidas as dificultades de educación realizada por medios telemáticos.

- Posta en funcionamento da Aula Virtual do colexio
- Formación para o profesorado do centro no emprego da Aula Virtual.
- O profesorado formará ao alumnado para poder acceder de forma autónoma á aula virtual e que poida realizar as accións básicas.
- O equipo TICs porá a información na páxina do centro para informar e formar as familias sobre o funcionamento das aulas virtuais, e do Abalarmobil.

No caso de suspenderse a actividade lectiva presencial, están previstas as seguintes medidas:

✓ O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado preferentemente a través da aula virtual de cada grupo. O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles ben achegados polo profesorado ou ben os que poña a disposición a Consellería. Igualmente o/a profesor/a poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen co contido da materia ou a avaliación continua da mesma.

✓ As aulas virtuais utilizaranse, de ser o caso e nos supostos de educación a distancia, cando menos, co alumnado de terceiro de Educación Primaria en adiante e para o alumnado que parcialmente estea en situación de corentena cando non exista suspensión da actividade presencial no conxunto da aula, sen prexuízo doutras opcións de formación a distancia que poida por en funcionamento a consellería.

✓ Para o alumnado de Infantil, 1º e 2º tamén se traballará a través das aulas virtuais, procurando que o acceso ás tarefas sexa o máis sinxelo posible.

✓ Ademais das aulas virtuais, habilitaranse fórmulas de comunicación como foros ou vídeo chamadas para manter contacto coas familias e fornecer contidos educativos para infantil, 1º e 2º de primaria.

✓ No caso do alumnado no que non sexa posible o uso da aula virtual, arbitrarase un modo alternativo para a comunicación coas familias e o mantemento da actividade lectiva nos supostos nos que se teña que pasar á educación a distancia. Dito modo alternativo quedará recollido na programación didáctica e procurarase realizar unha proba do seu correcto funcionamento durante o tempo que asiste o seu alumnado ao centro.

Para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión.

En todo caso, durante o período de suspensión da actividade lectiva presencial, o profesorado procurará cumprir sempre coas seguintes premisas:

✓ Manter o contacto permanente co alumnado e as súas familias, tanto para coñecer a evolución do estado de saúde como para continuar co ensino a distancia. CEIP Feliciano Barrera Plan de Continxencia Curso 2020-2021

✓ Actualizar diariamente as aulas virtuais dos niveis afectados para garantir a continuidade no proceso de ensino-aprendizaxe.

✓ Programar tarefas que non supoñan unha carga de traballo excesiva para o alumnado e para as súas familias.

✓ Programar tarefas das distintas materias atendendo á carga horaria de cada unha delas e procurando que os tempos de traballo do alumnado non se excedan das horas establecidas.

✓ Programar distintos tipos de tarefas e en distintos soportes (cadernos, libros, ordenador, vídeo, vídeo chamadas ...).

✓ Revisar o protocolo para buscar posibles erros e facer as modificacións que se estimen oportunas.

PROGRAMACIÓN ANUAL ÁREA EDUCACIÓN FÍSICA
SEXTO CURSO EDUCACIÓN PRIMARIA

CURSO 2020 - 2021

ÁREA	EDUCACIÓN FÍSICA		CURSO	SEXTO
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
BLOQUE 1. CONTIDOS COMÚNS EN EDUCACIÓN FÍSICA				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ k ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Valoración e aceptación da propia realidade corporal e a das demais persoas ▪ B1.2..Adopción de actitudes de colaboración, tolerancia, respecto e resolución pacífica dos conflitos na práctica de xogos e outras actividades físicas. ▪ B1.3. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes apropiadas e afrontar as dificultades propias da práctica da actividade física. ▪ B1.4. Actitudes de aceptación, respecto e valoración cara a un mesmo, aos compañeiros e compañeiras e ao medio. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Opinar coherentemente con actitude crítica tanto desde a perspectiva de participante como de espectador ou espectadora, ante as posibles situacións conflitivas xurdidas, participando en debates, e aceptando as opinións das demais persoas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.1.1. Adopta unha actitude crítica ante as modas e a imaxe corporal dos modelos publicitarios. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA ▪ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.1.2. Explica aos seus compañeiros e compañeiras as características dun xogo practicado na clase e o seu desenvolvemento. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.1.3. Recoñece e cualifica negativamente as condutas inapropiadas que se producen na práctica ou nos espectáculos deportivos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA ▪ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.1.4. Demostra un nivel de autoconfianza axeitada ás súas capacidades. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CSIEE ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para obter información, relacionada coa área. ▪ B1.6 Integración das tecnoloxías da información e a comunicación no proceso de aprendizaxe. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Extraer e elaborar información relacionada con temas de interese na etapa, e compartila, utilizando fontes de información determinadas e facendo uso das tecnoloxías da información e a comunicación como recurso de apoio á área. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.2.1. Utiliza as novas tecnoloxías para localizar e extraer a información que se lle solicita. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.2.2. Presenta os seus traballos atendendo as pautas proporcionadas, con orde, estrutura e limpeza, e utilizando programas de presentación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.2.3. Expón as súas ideas de forma coherente e exprésase de forma correcta en diferentes 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC

ÁREA	EDUCACIÓN FÍSICA		CURSO	SEXTO
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			situacións e respecta as opinións dos e das demais.	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ k ▪ l ▪ n 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.7. Implicación activa en actividades motrices diversas, recoñecendo e aceptando as diferenzas individuais no nivel de habilidade. ▪ B1.8. Uso correcto de materiais e espazos na práctica da Educación física. ▪ B1.9. O coidado do corpo e a consolidación de hábitos de hixiene corporal. ▪ B1.10. Coñecemento da normativa básica de circulación en rúas e estradas. ▪ B1.11. Identificación e respecto, ao realizar saídas fóra do colexio, dos sinais básicos de tráfico que afectan aos peóns e peoas e ás persoas ciclistas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a un mesmo e ás demais persoas nas actividades físicas, en distintos contornos incluíndo a natural e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas e actuando con interese e iniciativa individual e traballo en equipo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.3.1. Participa activamente nas actividades propostas buscando unha mellora da competencia motriz. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.3.2. Demuestra autonomía e confianza en diferentes situacións, resolvendo problemas motores con espontaneidade e creatividade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CAA ▪ CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.3.3. Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CSIEE ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.3.4. Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.3.5. Acepta formar parte do grupo que lle corresponda e o resultado das competicións con deportividade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB1.3.6. Recoñece e respecta as normas de educación viaria en contornos habituais e non habituais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA
BLOQUE 2. O CORPO: IMAXE E PERCEPCIÓN				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ k ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Valoración e aceptación da propia realidade corporal e a das demais persoas mostrando unha actitude crítica cara ao modelo estético-corporal socialmente vivente. ▪ B2.2. Seguridade, confianza nun mesmo e nas demais persoas. ▪ B2.3. Autonomía 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Valorar, aceptar e respectar a propia realidade corporal e a das demais persoas, mostrando unha actitude reflexiva e crítica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB2.1.1. Respecta a diversidade de realidades corporais e de niveis de competencia motriz entre os nenos e nenas da clase. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB2.1.2. Toma de conciencia das esixencias e valoración do esforzo que comportan as aprendizaxes de novas habilidades. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA ▪ CSIEE

ÁREA	EDUCACIÓN FÍSICA		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	persoal: autoestima, expectativas realistas de éxito.			
BLOQUE 3. HABILIDADES MOTRICES				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ j ▪ k 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Adaptación da execución das habilidades motrices a situacións de práctica de complexidade crecente, con eficiencia, seguridade e creatividade. ▪ B3.2. Realización combinada de desprazamentos, saltos, xiros, lanzamentos e recepcións. ▪ B3.3. Adaptación das habilidades motrices a contornos de práctica non habituais que favorezan toma de decisións, con seguridade e autonomía: o medio natural. ▪ B3.4. Control e dominio motor e corporal desde unha formulación previa á acción. ▪ B3.5. Mellora das capacidades físicas básicas de forma xenérica e orientada á execución das habilidades motrices, recoñecendo a influencia da condición física na mellora destas. ▪ B3.6. Autonomía e confianza nas propias habilidades motrices en situacións e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB3.1.1. Adapta os desprazamentos a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e mantendo o equilibrio postural. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CAA ▪ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB3.1.2. Adapta a habilidade motriz básica de salto a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e mantendo o equilibrio postural. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCEE ▪ CAA ▪ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB3.1.3. Adapta as habilidades motrices básicas de manipulación de obxectos (lanzamento, recepción, golpeo etc.) a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, aplicando correctamente os xestos e utilizando os segmentos dominantes e non dominantes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCEE ▪ CAA ▪ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB3.1.4 Aplica as habilidades motrices de xiro a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, tendo en conta os tres eixes corporais e os dous sentidos, e axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e mantendo o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCEE ▪ CAA ▪ CSIEE

ÁREA	EDUCACIÓN FÍSICA		CURSO	SEXTO
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>contornos non habituais.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.7. Valoración do esforzo e o traballo ben executado desde o punto de vista motor como base para a propia superación. ▪ B3.8. Disposición favorable a participar en actividades físicas diversas aceptando as propias posibilidades e limitacións, así como a existencia de diferenzas no nivel de habilidade. 		<p>equilibrio postural.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB3.1.5. Mantén o equilibrio en diferentes posicións e superficies. ▪ EFB3.1.6. Realiza e propón actividades físicas e xogos no medio natural ou en contornos non habituais, adaptando as habilidades motrices á diversidade e incerteza procedente do contorno e ás súas posibilidades. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA ▪ CSIEE <ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA ▪ CSIEE
BLOQUE 4. ACTIVIDADES FÍSICAS ARTÍSTICO EXPRESIVAS				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ d ▪ j ▪ k ▪ m ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. O corpo e o movemento. Exploración, conciencia e gozo das posibilidades e recursos da linguaxe corporal. ▪ B4.2. Recoñecemento e utilización creativa das zonas corporais e compoñentes do movemento expresivo: espazo, tempo e a intensidade. Zonas corporais: de equilibrio (pernas e pés), de forza (centro de gravidade corporal), de autoridade (peito, ombreiros, brazos) e expresiva (rosto, mirada e pescozo). ▪ B4.3. Expresión e comunicación de sentimentos e emocións individuais e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento, de forma estética e creativa, comunicando sensacións, emocións e ideas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB4.1.1. Representa personaxes, situacións, ideas, sentimentos, utilizando os recursos expresivos do corpo individualmente, en parellas ou en grupos. ▪ EFB4.1.2. Representa ou expresa de forma creativa movementos a partir de estímulos rítmicos ou musicais, individualmente, en parellas ou grupos. ▪ EFB4.1.3. Coñece, propón e leva a cabo bailes e danzas representativas da cultura galega e doutras culturas, seguindo unha coreografía establecida. ▪ EFB4.1.4. Constrúe e leva a cabo composicións grupais en interacción cos compañeiros e compañeiras utilizando os recursos expresivos do corpo e partindo de estímulos musicais, 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CSC ▪ CAA <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CSC ▪ CAA <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CAA ▪ CSC ▪ CSIEE <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CAA ▪ CSC

ÁREA	EDUCACIÓN FÍSICA		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>compartidas a través do corpo, o xesto e o movemento.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.4. Execución de bailes ou danzas do folclore popular galego valorando a importancia da súa conservación e difusión. Execución de danzas do mundo valorando a diversidade como factor de enriquecemento individual e colectivo. ▪ B4.5. Participación na composición e execución de producións grupais a partir de estímulos rítmicos, musicais, poéticos... Elaboración de bailes, coreografías simples ou montaxes expresivas. 		plásticos ou verbais.	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ d ▪ j ▪ k 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.6. Desenvolvemento das habilidades motrices básicas, xenéricas e específicas e da condición física, participando en actividades artístico expresivas. ▪ B4.7. Recoñecer e valorar a posibilidade de cambiar as montaxes ou coreografías de actividades artístico-expresivas (espazos, materiais, tempos...) para adaptalas ás 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.2. Relacionar os conceptos específicos de Educación física e os introducidos noutras áreas coa práctica de actividades artístico-expresivas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB4.2.1. Identifica a capacidade física básica implicada de forma máis significativa nas actividades expresivas. ▪ EFB4.2.2. Recoñece a importancia do desenvolvemento das capacidades físicas para a mellora das habilidades motrices implicadas nas actividades artístico-expresivas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSC ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CSC

ÁREA	EDUCACIÓN FÍSICA		CURSO	SEXTO
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	necesidades do grupo.			
BLOQUE 5. ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ k 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Autonomía na hixiene corporal (vestimenta e aseo tras o exercicio) e adquisición de hábitos posturais e alimentarios saudables (incluída a correcta hidratación durante e despois do exercicio). ▪ B5.2. Recoñecemento dos beneficios da actividade física na saúde integral da persoa e identificación crítica das prácticas pouco saudables (sedentarismo, abuso do lecer audiovisual, adición ás novas tecnoloxías, consumo de tabaco ou alcohol...). Valoración do xogo e o deporte como alternativas aos hábitos nocivos para a saúde. ▪ B5.3. Adquisición de hábitos de quecemento (global e específico), de dosificación do esforzo e recuperación, necesarios para previr lesións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Recoñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar, manifestando unha actitude responsable cara a un mesmo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB5.1.1. Interésase por mellorar as capacidades físicas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB5.1.2. Relaciona os principais hábitos de alimentación coa actividade física (horarios de comidas, calidade/cantidade dos alimentos inxeridos etc.). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA ▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB5.1.3. Recoñece os efectos beneficiosos do exercicio físico para a saúde e os prexudiciais do sedentarismo, dunha dieta desequilibrada e do consumo de alcohol, tabaco e outras substancias. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA ▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB5.1.4. Adopta e promove hábitos posturais axeitados na súa vida cotiá e na práctica da actividade física, recoñecendo a súa importancia para saúde. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA ▪ CSIEE ▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB5.1.5. Realiza os quecementos de forma autónoma e sistemática, valorando a súa función preventiva. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ k 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.4. Mellora da condición física orientada á saúde en función do desenvolvemento psicolóxico. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.2. Mellorar o nivel das súas capacidades físicas, regulando e dosificando a intensidade e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB5.2.1. Mostra unha mellora global con respecto ao seu nivel de partida das capacidades físicas orientadas á saúde. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSIEE ▪ CSC

ÁREA	EDUCACIÓN FÍSICA		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
		duración do esforzo, tendo en conta as súas posibilidades e a súa relación coa saúde.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB5.2.2. Identifica a súa frecuencia cardíaca e respiratoria, en distintas intensidades de esforzo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB5.2.3. Adapta a intensidade do seu esforzo ao tempo de duración da actividade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSIEE ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB5.2.4. Identifica o seu nivel comparando os resultados obtidos en probas de valoración das capacidades físicas e coordinativas cos valores correspondentes á súa idade 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ k 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.5. Recoñecemento e aplicación das medidas básicas de prevención e seguridade na práctica de actividade física en relación coa execución motriz, ao uso de materiais e espazos. ▪ B5.6. Valoración da actividade física como factor esencial no mantemento e mellora da saúde. Aprecio, gusto e interese polo coidado do corpo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.3. Identificar e interiorizar a importancia da prevención, a recuperación e as medidas de seguridade na realización da práctica da actividade física. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB5.3.1 Explica e recoñece as lesións e enfermidades deportivas máis comúns, así como as accións preventivas e os primeiros auxilios. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CMCCT
BLOQUE 6. OS XOGOS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ k ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.1. Uso adecuado das estratexias básicas dos xogos relacionadas coa cooperación, a oposición e a cooperación-oposición. ▪ B6.2. Aceptación e respecto cara ás normas, regras e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.1. Resolver retos tácticos elementais propios do xogo e de actividades físicas, con ou sen oposición, aplicando principios e regras para resolver as situacións motrices, actuando de forma individual, coordinada e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB6.1.1. Utiliza os recursos adecuados para resolver situacións básicas de táctica individual e colectiva en diferentes situacións motrices. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CSIEE ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB6.1.2. Realiza combinacións de habilidades motrices básicas axustándose a un 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSIEE ▪ CSC

ÁREA	EDUCACIÓN FÍSICA		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	persoas que participan no xogo. Elaboración e cumprimento dun código de xogo limpo.	cooperativa e desempeñando as diferentes funcións implícitas en xogos e actividades	obxectivo e a uns parámetros espazo-temporais.	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ k ▪ m ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.3. O xogo e o deporte como fenómenos sociais e culturais. Práctica de xogos e actividades deportivas de diferentes modalidades con dificultade crecente. ▪ B6.4. Coñecemento, práctica e valoración dos xogos e deportes tradicionais de Galicia. Coñecemento e práctica de xogos doutras culturas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.2. Coñecer, valorar e poñer en práctica a diversidade de actividades físicas, lúdicas, deportivas, en especial as de Galicia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB6.2.1. Expón as diferenzas, características e/ou relacións entre xogos populares, deportes colectivos, deportes individuais e actividades natureza. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCEE ▪ CAA ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB6.2.2. Recoñece a riqueza cultural, a historia e a orixe dos xogos e os deportes tradicionais de Galicia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CAA ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB6.2.3. Realiza e pon en valor distintos xogos e deportes tradicionais de Galicia respectando os principios e regras específicas destes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CAA ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ k 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.5. Desenvolvemento das habilidades motrices básicas, xenéricas e específicas e da condición física, participando en xogos predeportivos e en predeportes. Recoñecer e valorar a posibilidade de cambiar as regras de xogo (espazos, materiais, tempos...) para adaptalas ás necesidades do grupo. ▪ B6.6. Uso adecuado das estratexias básicas dos xogos relacionadas coa cooperación, a oposición e a cooperación-oposición. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.3. Relacionar os conceptos específicos de Educación física e os introducidos noutras áreas coa práctica de actividades físico-deportivas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB6.3.1. Identifica a capacidade física básica implicada de forma máis significativa nos exercicios. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSC ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB6.3.2. Recoñece a importancia do desenvolvemento das capacidades físicas para a mellora das habilidades motrices. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB6.3.3. Distingue na práctica de xogos e deportes individuais e colectivos estratexias de cooperación e de oposición. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB6.3.4. Describe os exercicios realizados, usando os termos e coñecementos que sobre o aparello locomotor se desenvolven na área de Ciencias da natureza. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CCL ▪ CSC ▪ CAA

ÁREA	EDUCACIÓN FÍSICA		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ k ▪ l ▪ n ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.7. Iniciación ao deporte de orientación (colexio, parque, medio natural). Toma de contacto co compás. Participación na organización e desenvolvemento de xogos de orientación. ▪ B6.8. Práctica responsable de actividades físicas lúdicas e deportivas nas saídas á contorno natural de Galicia. ▪ 6.9. Coñecemento, goce, coidado e valoración da natureza. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.4. Manifestar respecto cara á contorno e o medio natural nos xogos e actividades ao aire libre, identificando e realizando accións concretas dirixidas á súa preservación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB6.4.1. Faise responsable da eliminación dos residuos que se xeran as actividades no medio natural. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFB6.4.2. Utiliza os espazos naturais respectando a flora e a fauna do lugar. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA

Obxectivos da educación primaria

A educación primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades

que lles permitan:

a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, preparárense para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.

c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais con que se relacionan.

d) Coñecer, comprender e respectar as culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres, e a non-discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.

e) Coñecer e utilizar de forma apropiada a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ámbalas dúas linguas.

f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.

g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.

h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.

i) Iniciarse no uso das tecnoloxías da información e da comunicación, para a aprendizaxe, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciban e elaboren.

j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.

k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.

m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestión de diversidade afectivo-sexual.

n) Fomentar a educación viaria e as actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, salientando as mulleres e os homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

Concreccións metodolóxicas

Empregarase una metodoloxía activa, buscando formas xogadas, resolución de problemas, descubrimento guiado, asignación de tarefas, ensino recíproco (aproveitando sobre todo aqueles rapaces/as que podenlle aprender os seus compañeiros/as o deporte ou actividade deportiva que practican fora

do centro), o mando directo (para puntuales aprendizaxes da técnica e táctica concreta de algún deporte ou predeporte) e sempre adaptando as actividades ou predeportes as capacidades dos nenos e nenas. Será unha metodoloxía individualizada e que preste mais atención ó proceso que o resultado.

Espazos de traballo:

Afortunadamente este curso xa contamos cun espazo pechado para a práctica da educación física por primeira vez. Todavía temos pendente illarlo acusticamente e en cuestión de humidade, así como térmicamente (non hai calefacción). Ademais, o pavimento non é adecuado para a práctica deportiva. As sesións de educación física impartiranse principalmente neste espazo e mais no patio descuberto de primaria. Tamén aproveitarase na medida do posible as posibilidades do entorno próximo o colexio e saídas a xornadas de convivencia deportiva con alumnos/as doutros centros a través dos programa Xogade, previa autorización dos pais / titores legais dos alumnos. Puntualmente empregarase a aula ordinaria, a biblioteca e incluso o patio de infantil.

Materiais e recursos didácticos.

Como todos os anos, seguimos a ampliar o noso inventario de material para educación física que se comparte con todos os mestres. En xeral estes anos o inventario de material de educación física estase a ampliar considerablemente grazas o esforzó dos alumnos/as en coidalo. Así temos material específico de moitos deportes (baloncesto, balonmán, xoquei, fútbol sala, bádminton, baseball,...) material xeral de educación física (cordas pelotas de psicomotricidade, ...) de xogos populares e tradicionais (trompos, canicas, bolos...) e incluso material elaborado con material de refugallo (malabares...). A nosa intención é seguir crescendo nesta liña de cara a unha educación física máis integral e diversa. Dende o curso pasado apliamos este tipo materia co orzamento do centro e incluímos material de xogos de mesa. Xogos de mesa que tras aprendelos tentamos aplicarlos a situacións de movemento como a oca humana, o tres en raia ou este ano que trateremos de facer un xadrez humano.

Avaliación e criterios de cualificación do alumnado.

A avaliación será global, contínua e formativa. Tomarase como referencia principal a consecución dos obxectivos mínimos establecidos. Tamén será fundamental o nivel inicial do alumno/a en relación co nivel acadado ó finalizar cada trimestre. farase unha avaliación de todos os elementos da programación: grado de consecución dos obxectivos, adecuación dos contidos, recursos empregados, adecuación das actividades, criterios de avaliación, metodoloxía,... A través de diferentes recursos (observación directa, escalas de observación, cuestionarios, probas obxectivas, rexistros anecdóticos, postas en comun ó rematar as sesións).

Nos cursos de 5º e 6º utilizarase ocasionalmente para avaliar os coñecementos sobre os aspectos tácticos e de reglamento dalgún deporte unha proba escrita e para avaliar a técnica unha proba física.

Deseño da avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados

Nas dúas primeiras semanas recordaráselles os alumnos as normas xerais das sesións e farase unha avaliación inicial centrada especialmente na cohesión grupal e actitudes dos alumnos. Tamén das habilidades, os coñecementos, para a partir de ahí organizar a toma de decisións.

Na avaliación inicial farase un estudo da condición física dos alumnos, medición de talla e peso, e revisión da información médica suministrada polas familias. Tamén farase unha observación do grao de cohesión grupal de cada clase e establecemento de coñecementos e habilidades previas a cada unidade didáctica.

Grao mínimo de consecución para superar a materia.

De cara a avaliación trimestral e tamén da final a nota obtida por cada alumno/a será a optida proporcionalmente nos aspectos cognitivos (coñecementos) 20%, aspectos procedimentais (habilidades e destrezas) 30% e actitudinais (actitudes, valores e normas) 50%. Dentro de este último

apartado que é o que mais peso ten de cara avaliación contemplamos aspectos como:

- traer a roupa, calzado deportivo e aseo persoal. Neste apartado, se un alumno/a amosa tres faltas de roupa, calzado ou aseo no mesmo trimestre, será razón suficientes para non acadar o 5 en dita avaliación.
- Aceptar e respetar a todos/as os compañeiros/as en situacións de gran grupo, pequenos grupos ou parellas e tanto en situación de colaboración como de oposición. Neste apartado rexistrar tres faltas de respecto no mesmo trimestre será motivo suficiente para non acadar o 5 en dita avaliación.
- Respetar e coidar o material de educación física
- Amosar unha actitude onde se valore mais o proceso das actividades que os resultados,
- Aceptación das limitacións propias e as dos demais así como amosar unha actitude de autosuperación e valorar o esforzo dos demais aceptando tamén as súas limitacións,
- Respetar e coidar os espazos do entorno natural no que se fagan actividades deportivas
- Recoñecer os xogos populares como parte da cultura propia da nosa comunidade autónoma,
- Amosar nas actividades de oposición unha actitude de xogo limpo (respeto as normas, nobleza,...)
- Ter unha actitude de humildade ante a vitoria e de aceptación deportiva da derrota cando esta se produce.
- Desfrutar coas actividades de expresión corporal dramatización e baile vencendo o pudor.
- Adoptar hábitos de vida saudables.

Medidas de atención a diversidade

Entendendo que cada neno/a progresa ó seu ritmo, e mais na área de educación física, o punto de partida de cada neno e a súa mellora serán o referente principal de cara a avaliación. Adaptaranse os tempos, os materiais, as metodoloxías e incluso as actividades según cada alumno/a. empregaremos os apoios tanto os ofrecidos polo mestres como polos alumnos. E incluso adaptaremos as regras dos xogos para cada grupo ou neno para tratar de compensar as desigualdades.

Actividades complementarias e extraescolares

En primeiro lugar, sinalar que moitas das actividades complementarias e extraescolares que temos programadas están pendentes de que se poidan levar a cabo co permiso das autoridades sanitarias, xa que nestes momentos a meirande parte delas non están permitidas por non cumprir os requisitos mínimos de seguridade para o control da pandemia producida polo COVID-19. Sin embargo, como novidade este ano, e dentro do PLAN PROXECTA, temos solicitado o programa DAFIS para avaliar a condición física d@s rapaces e rapazas. Como se trata dunha avaliación de aplicación individual, confiamos en poder aplicalo sempre que nolo aproben.

Estamos inmersos no Plan PROXECTA (programa deportivo de centro): Participando no programa XOGADE xunto con outros centros da zona Condado-Paradanta (asociación deportiva ADECONPAR) carreiras de campo a través, fútbol sala, baloncesto,...). Éstes anos vimos facendo actividades dentro deste programa co alumnado de 3º, 4º, 5º e 6º. A nosa intención (sempre en coordinación co resto de centros que forman a asociación, en incluír a 1º e 2º)

Realización de unha actuación deportiva-musical no festival de nadal ou fin de curso (aínda non está decidido grupo nin festival)

Xogos populares na festa do magosto para todo o alumnado do centro coordinadas polo Mestre de educación física.

Celebración do VIIº campionato escolar interno de xadrez Feliciano

Barrera.

O marxe de estas actividades, ao longo do curso poden xurdir outras actividades en colaboración con diferentes organismo e clubes.

Na PXA está incluído o Plan proxecta (PDC: programa deportivo de centro. Dentro do programa centros deportivos e saudables. Participamos no programa XOGADE).

Temporalización

Como xa sinalamos, por mor da pandemia xerada polo COVID-19, non podemos establecer unha temporalización real das actividades xa que dependemos da evolución desta pandemia e dos permisos que as autoridades sanitarias nos otorguen. En función diso, e sempre que sexa posible, a temporalización sería a seguinte.

- Actividades complementarias e extraescolares
 - Actividades xogade (unha actividades por trimestres como mínimo, según o programa PROXECTA) mais unha xornada específica no CUVI con alumnos de 5º e/o 6º. Atletismo en pista (actividade esta última aínda sen confirmar)
 - Actuación deportivo-musical (nadal ou fin de curso)
 - Xogos populares magosto (outubro)
 - Campeonato xadrez dende xaneiro
 - Aplicación do programa DAFIS.
- Bloques de contidos: a educación física é unha área particular a hora de organizar a temporalización, mais neste centro que non temos espazo pechado para a súa práctica.
 - O bloque de contidos comúns polo súa natureza levase a cabo durante todo o curso.
 - Os demais bloques vanse traballando en función das necesidades e sobre todo do tempo atmosférico xa que de por sí non hai una prioridade dun sobre outro sinon que dependemos mais de que chova ou non de do frío e da calor.

Así, en días que non Chove e tampouco vai moita calor aproveitamos para realizar unidades didacticas propias do aire libre como atletismo, orientación, xogos na natureza, rugby adaptado, balonmán adaptado, etc, En cambió cando vai mal tempo adicamos as sesións a actividades de interior como pode ser o badminton por exemplo.

Normas xerais das sesións:

Como normas xerais a cumprir nas sesións de educación física destacamos:

- Participación activa de todo o alumnado nun clima de colaboración, respecto e valoración do propio traballo e o dos compañeiros/as
- Valoración dos procesos máis que dos resultados
- Respeto e coidado do material e implicación na colocación e recollida do mesmo.
- Aseo persoal mínimo o rematar as sesións e hábitos de vida saudables.
- Espírito deportivo: xogo limpo, espírito de superación a un mesmo, recoñecemento das propias capacidades e limitación. Actitude humilde ante a victoria e aceptación deportiva da derrota nas actividades competitivas.

Competencias clave

- CCL Competencia comunicación lingüística
- CMCCT Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía
- CD competencia dixital
- CAA competencia en aprender a aprender

- CSC Competencia social e cívica
- CSIEE Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor
- CCEC Competencia en conciencia e expresión cultural.

Obxectivos mínimos en caso de actividade lectiva non presencial.

- Participar en alomenos unha actividade proposta de cada unidade didáctica traballada.
- Ser capaz de explicar algunhas regras ou normas dalgún xogo ou deporte traballado e demostrar algún fundamento técnico do mesmo.
- Demostrar un nivel de autoconfianza axeitado ás súas capacidades
- Aceptar as limitacións propias amosando unha actitude de autosuperación.
- Coñecer hábitos de vida saudable relacionados coa educación física
- Realizar algunha actividade expresiva relacionada coa dramaticación e/ou co baile.
- Coñecer e practicar algún xogo tradicional galego.

Aprendizaxes non adquiridas no curso 2019 – 2020

Non se traballaron as unidades didácticas de actividades na natureza, orientación, malabares, acrosport e dramatización e baile.

Plan de recuperación:

No inicio do presente curso, compre facer unha avaliación inicial rigurosa, sobre todo polos seis meses en actividade docente presencial, incluíndo unha avaliación da condición física. Tamén se terán en conta as unidades didácticas non traballadas para darlles maior protagonismo na medida do posible (hay que ter en conta que unidades didácticas como orientación ou actividades na natureza requiren de condicións meteorolóxicas apropiadas).

Medidas para a actividade lectiva non presencial

No principio do curso, e a ser posible nos primeiros días de setembro, levaranse a cabo as seguintes actuacións:

- Enquisa as familias para identificar ao alumnado que teña dificultades de conexión ou falla de equipamento. Solicitarase que a Consellería e o Concello adopten as medidas oportunas que minimicen para as familias mais desfavorecidas as dificultades de educación realizada por medios telemáticos.
- Posta en funcionamento da Aula Virtual do colexio
- Formación para o profesorado do centro no emprego da Aula Virtual.
- O profesorado formará ao alumnado para poder acceder de forma autónoma á aula virtual e que poida realizar as accións básicas.
- O equipo TICs porá a información na páxina do centro para informar e formar as familias sobre o funcionamento das aulas virtuais, e do Abalarmobil.

No caso de suspenderse a actividade lectiva presencial, están previstas as seguintes medidas:

✓ O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado preferentemente a través da aula virtual de cada grupo. O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles ben achegados polo profesorado ou ben os que poña a disposición a Consellería. Igualmente o/a profesor/a poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen co contido da materia ou a avaliación continua da mesma.

✓ As aulas virtuais utilizaranse, de ser o caso e nos supostos de educación a distancia, cando menos, co alumnado de terceiro de Educación Primaria en adiante e para o alumnado que parcialmente estea en situación de corentena cando non exista suspensión da actividade presencial no conxunto da aula, sen prexuízo doutras opcións de formación a distancia que poida por en funcionamento a consellería.

✓ Para o alumnado de Infantil, 1º e 2º tamén se traballará a través das aulas virtuais, procurando que o acceso ás tarefas sexa o máis sinxelo posible.

✓ Ademais das aulas virtuais, habilitaranse fórmulas de comunicación como foros ou vídeo chamadas para manter contacto coas familias e fornecer contidos educativos para infantil, 1º e 2º de primaria.

✓ No caso do alumnado no que non sexa posible o uso da aula virtual, arbitrase un modo alternativo para a comunicación coas familias e o mantemento da actividade lectiva nos supostos nos que se teña que pasar á educación a distancia. Dito modo alternativo quedará recollido na programación didáctica e procurarase realizar unha proba do seu correcto funcionamento durante o tempo que asiste o seu alumnado ao centro.

Para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión.

En todo caso, durante o período de suspensión da actividade lectiva presencial, o profesorado procurará cumprir sempre coas seguintes premisas:

✓ Manter o contacto permanente co alumnado e as súas familias, tanto para coñecer a evolución do estado de saúde como para continuar co ensino a distancia. CEIP Feliciano Barrera Plan de Continxencia Curso 2020-2021

✓ Actualizar diariamente as aulas virtuais dos niveis afectados para garantir a continuidade no proceso de ensino-aprendizaxe.

✓ Programar tarefas que non supoñan unha carga de traballo excesiva para o alumnado e para as súas familias.

✓ Programar tarefas das distintas materias atendendo á carga horaria de cada unha delas e procurando que os tempos de traballo do alumnado non se excedan das horas establecidas.

✓ Programar distintos tipos de tarefas e en distintos soportes (cadernos, libros, ordenador, vídeo, vídeo chamadas ...).

✓ Revisar o protocolo para buscar posibles erros e facer as modificacións que se estimen oportunas.